



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 15 DE FEBREIRO DE 2021

1. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/800/2020.

Licenza para a mellora da envolvente termicadas fachadas con sistema de fachada Ventilada.

Acórdase CONCEDER licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución presentado o 19/06/2020, a MELLORA DO ENVOLVENTE TERMICA DAS FACHADAS CON SISTEMA DE FACHADA VENTILADA no edificio situado na RÚA DO HORREO, 98, cun orzamento de execución material de 230.000 euros.

2. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/1525/2019.

Licenza para a rehabilitacion de vivenda familiar

Acórdase CONCEDER licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o Proxecto básico e de execución de data de visado do 22/07/2019 xunto coa documentación anexa con selo de entrada no rexistro municipal de data 07/05/2020; a REHABILITACION DE VIVENDA situada na RÚA DO CAMPO DO FORNO, 36, cun orzamento de execución material de 122.902,67 euros.

3. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/906/2020.

Aceptar cesion de viario e conceder licenza para a construcion de garaxe.

Acórdase ACEPTAR a cesión de viario e CONCEDER licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto redactado e presentado o 01/07/2020; a CONSTRUCCIÓN DE GARAXE na parcela situada na RÚA DA EIRA VEDRA, cun orzamento de execución material de 32.345 euros.

4. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/1553/2019.

Licenza para mantemento de fachada e patio, mantemento de cuberta e mellora da mobilidade e instalacions comuns.

Acórdase CONCEDER licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o Proxecto básico e de data de visado do 27/07/2020 e a Documentación complementaria presentada o 16/12/2020; o MANTEMENTO DE FACHADA E PATIO, MANTEMENTO DE CUBERTA E MELLORA DE MOBILIDADE E INSTALACIÓN COMÚNS no inmoble situado na RÚA DAS ORFAS, 17, cun orzamento de execución material de 131.220,94 euros.

5. XESTIÓN URBANÍSTICA. Referencia: XPL/18/2019.

Aprobación definitiva dos Estatutos e bases de actuación da Xunta de Compensación da AEI-E(a) do PERI-2 (Conxo de Arriba)

Acórdase:

Primeiro. Aprobar definitivamente os proxectos de Estatutos e bases de actuación da Xunta de Compensación da AEI-E(a) do PERI-2 (Conxo de Arriba), presentados con data 10.06.2020 por RIOS SANCHEZ E HIJOS PROMOCIONES S.L.

Segundo. Requirir á promotora que proceda a solicitar do Rexistro da Propiedade a práctica da nota marxinal de afección sobre a finca rexistral 30106 (parcela 22 da relación de parcelas afectadas), segundo a documentación achegada por ESTUDIO 5 DE GESTIÓN Y PROYECTOS.

O acordo publicarase no Boletín Oficial da Provincia, xunto co texto íntegro dos Estatutos e bases de actuación definitivamente aprobados e co plano de delimitación do ámbito, e notificarase persoalmente a todos os titulares dos terreos afectados.

Así mesmo notificarase á Delegación de Economía e Facenda e ao Ministerio Fiscal, para os efectos que procedan respecto das parcelas afectadas de titularidade descoñecida (1/3 da parcela catastral 626130NH3466A0001RA (nº 40 da rúa de Conxo de Arriba). Na notificación aos propietarios indicárase que poderán solicitar a súa incorporación á Xunta de Compensación –se non a tiveran xa solicitado con anterioridade– no prazo máximo de TRES MESES, contado a partires do recibo da notificación.

Transcorrido o prazo sinalado, entenderase, segundo dispón o artigo 303.4.b) do RLSG, que os propietarios que non manifesten a súa vontade expresa de incorporarse á Xunta, renuncian a adherirse á mesma, podendo a Xunta de Compensación solicitar do Concello a expropiación dos terreos afectados ou a súa ocupación de conformidade co disposto polo artigo 307 do Regulamento.

Rematado o prazo de 3 meses, a contar da notificación a todos os propietarios afectados, procederase á constituír a Xunta de Compensación en escritura pública ou documento protocolizado notarialmente, consonte ao regulado nos estatutos e demais normativa aplicable.

6. EDUCACIÓN. Referencia: 2021/EDU05.

XIV Premio Internacional “Compostela” para Álbums Ilustrados. Bases do premio.

Apróbanse as bases do XIV Premio Internacional “Compostela” para álbums ilustrados que convoca o Departamento de Educación do Concello de Santiago de Compostela coa editorial Kalandraka.

Bases:

1. Poderán optar ao XIV Premio Internacional COMPOSTELA para Álbums Ilustrados todas as obras que se poidan incluír na categoría de álbum ilustrado: un libro no que o relato se conta a través de imaxes, ou de imaxes e textos, de tal maneira que ambos os dous se complementen.

2. As bases da presente convocatoria teñen como finalidade fomentar a produción artística e literaria destinada ao público infantil e xuvenil.

3. As obras poderán ser presentadas en calquera das linguas oficiais da Península Ibérica e deberán ser orixinais e inéditas. Non se admitirán aquelas que sexan adaptación doutros orixinais ou as obras que fosen premiadas noutros concursos. Tampouco se admitirán as obras que teñan máis de tres ilustracións publicadas en internet.

4. Poderán participar unha ou varias persoas, autores/as de texto e ilustración de calquera nacionalidade. Quedan excluídos os/as gañadores/as das anteriores edición e traballadores ou extraballadores da editorial Kalandraka.

5. Os proxectos poderán presentarse en calquera tamaño, técnica e formato, pero a extensión non deberá superar as 40 páxinas interiores (sen contar gardas nin cubertas).

6. Os/As autores/as que opten ao premio deberán presentar:

- Cinco copias do texto.

- Tres ilustracións orixinais e cinco fotocopias en cor de cada unha delas. No caso de utilizarse técnica dixital, admitiranse impresións da obra en alta resolución.

- Unha maqueta acabada do proxecto que se presenta: unha versión impresa con deseño, texto e ilustración, o máis semellante posible ao que será o libro acabado.

7. Nas obras non deberá figurar o nome dos/as autores/as, senón un lema ou pseudónimo.

Os datos persoais dos/das participantes achegaranse nun sobre pechado: no seu exterior indicárase o título da obra e o lema ou pseudónimo, e no seu interior o nome ou nomes completos, enderezo postal, teléfono de contacto e enderezo electrónico. Dentro do sobre

tamén se incluírán unha fotocopia completa do DNI ou pasaporte, así como unha breve recensión biográfica.

8. Os traballos serán remitidos ou entregados no Rexistro Xeral do Concello de Santiago de Compostela (Rúa do Presidente Salvador Allende núm. 4, 15705 Santiago de Compostela. A Coruña. España). No sobre especificarase obrigatoriamente «XIV Premio Internacional COMPOSTELA para Álbums Ilustrados». Nos sobres que se entreguen a través de axencias de transporte non deben aparecer os nomes dos/das autores/as.

9. O prazo de presentación de orixinais ábrese coa publicación destas bases no boletín oficial da provincia de A Coruña e remata o 14 de maio de 2021. O selo postal tanto dos traballos presentados por correo ou por empresas de mensaxería non poderá ser posteriores á data do último día de entrega. A decisión do xurado farase pública na última quincena de xuño de 2021.

7. CONTRATACIÓN. Referencia: CON/16/2020.

Ampliación prazo execución das obras de reparación do muro entre as rúas París e Luxemburgo en Fontiñas.

Acórdase ampliar o prazo para a execución das obras de reparación do muro entre as rúas París e Luxemburgo en Fontiñas, por un período de 19 días hábiles, con causa na incidencia derivada da cercanía da tubería de gas á cimentación do muro e ás condicións meteorolóxicas adversas que impiden a correcta execución do traballos de excavacións, formigonado e impermeabilización, polo que a nova data de finalización será o 5 de marzo de 2021.

8. CONTRATACIÓN. Referencia: CON/193/2010.

Revisión IPC ALUGUER DO LOCAL Nº 2 DA RÚA Presidente Salvador Allende, destinado a oficinas municipais (Recadación Executiva)

Acórdase proceder á revisión do IPC da renda do contrato de aluguer do local nº 2 na rúa Presidente Salvador Allende destinado a oficinas municipais (Recadación Executiva), segundo as variacións experimentadas polo IPC no período comprendido entre decembro de 2011 e decembro de 2020, que supón un incremento relativo do **6,3 %**, quedando fixado o prezo do contrato, a partir do 1 de xaneiro de 2021 no importe mensual de **653,75 euros mais IVE (791,04 euros)**, e importe anual de 9.492,48 euros IVE incluído. O gasto de incremento para o ano 2021 IVE incluído é de 562,68 euros.

9. CONTRATACIÓN. Referencia: CONTRATACION/181/2008.

Revisión IPC ALUGUER DO LOCAL Nº 7 DA RÚA Presidente Salvador Allende, destinado a oficinas municipais (Atención ao Contribuinte)

Acórdase proceder a revisión do IPC da renda do contrato de aluguer do local nº 7 na rúa Presidente Salvador Allende destinado a oficinas municipais (Atención ao Contribuinte), segundo as variacións experimentadas polo IPC no período comprendido entre decembro de 2012 e decembro de 2020, que supón un incremento relativo do **3,4 %**, quedando fixado o prezo do contrato, a partir do 1 de xaneiro de 2021 no importe mensual de **606,76 euros mais IVE (734,18 euros)**, e importe anual de 8.810,16 € IVE incluído. O gasto de incremento para o ano 2021 IVE incluído é de 289,68 euros.

10. CONTRATACIÓN. Referencia: CONTRATACION/182/2008.

Revisión IPC aluguer do local nº 8 da rúa Presidente Salvador Allende, destinado a oficinas municipais (Atención ao Contribuinte).

Acórdase proceder a revisión do IPC da renda do contrato de aluguer do local nº 8 na rúa Presidente Salvador Allende destinado a oficinas municipais (Atención ao Contribuinte), segundo as variacións experimentadas polo IPC no período comprendido entre decembro de 2012 e decembro de 2020, que supón un incremento relativo do **3,4 %**, quedando fixado o prezo do contrato, a partir do 1 de xaneiro de 2021 no importe mensual de **683,97 euros mais IVE (827,60 euros)**, e importe anual de **9.931,20 euros IVE incluído**. O gasto de incremento para o ano 2021 IVE incluído é de 326,51 euros.

11. SERVIZOS BÁSICOS. Referencia: MERCADIÑO 2021.

Ampliación de prazo para presentación de solicitudes de renovación de autorizacións de venda ambulante

Apróbase a ampliación do prazo de presentación de solicitudes de renovación anual das autorizacións para o exercicio da venda ambulante na vía pública polo período que vai dende o 15 de febreiro de 2021 ata o 15 de maio de 2021. Durante este prazo os interesados poderán presentar as súas solicitudes acompañadas da documentación esixida polo Regulamento de Venda Ambulante que inclúe a autoliquidación da taxa correspondente (Ordenanza Fiscal 3.24), trámite que realizarán neste prazo na Oficina de Atención ao Contribuínte.

12. PATRIMONIO. Referencia: PTM/19/2019.

Dación de conta

Dáse conta da sinatura da acta de entrega de chaves de 1 de febreiro de 2021 e posta a disposición do Concello, declarando extinguido o contrato de arrendamento da Rúa do Medio nº 65 BAIXO. Acórdase comunicar ás empresas subministradoras á extinción do contrato e requirir á interesada que achegue a documentación xustificativa do pagamento dos subministros que lle corresponden para poder resolver o que proceda en canto á fianza.

13. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2021/00004887A.

Dación de conta á XGL da sentenza recaída no PA 333/2020 do CA2.

Dáse conta da Sentenza nº 013/2021

Obxecto: sanción tributarias por falta de declaración e pago de Plusvalía.

Contía: 7.751,38 euros.

A sentenza é desfavorable para o Concello, non recorrible en apelación.

Aínda que semellante a outros casos, desta volta o argumento fundamental da demandante era a falta de resposta na resolución impugnada ás alegacións expostas por aquela no trámite de audiencia. Xa que logo, estamos ante unha estimación por razón de forma (falta de motivación) e non de fondo, coas consecuencias que dilo se derivan a efectos de execución do fallo.

A maior abastanza, o xulgado considera que, ao non darse resposta a esas alegacións, o Concello non acredita o requisito da culpabilidade para impoñer a sanción.

Entende, finalmente, que tales vicios non poden ser emendados na vía xudicial cos escritos de contestación e conclusións, polo que estima o recurso, anulando a resolución impugnada.

14. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2021/00004878V.

Dación de conta á XGL da sentenza recaída no PA 453/2020 DO CA2

Dáse conta da Sentenza nº 014/2021

Obxecto: sancións tributarias por falta de declaración e pago de Plusvalía.

Contía: 15.825,82 euros.

A sentenza é favorable para o Concello, non recorrible en apelación.

As sancións impostas traen causa na falta de presentación de declaración e pago do imposto, que deron lugar as liquidacións impugnadas no PA 570/2019 do CA2, con sentenza desestimatoria da que dáse conta nesta mesma sesión da Xunta de Goberno.

De feito, a Sentenza 014 fai referencia á desestimación nese PA 570 para estender os seus fundamentos. Á maior abastanza o xulgado:

1. Rexeita o argumento da prescrición.

2. En canto ao requisito da culpabilidade, considéraseo acreditado primeiro pola advertencia de suxeición ao imposto que fai o notario na escritura; e segundo, porque eran coñecedores da súa obriga de presentar autoliquidación, e non o fixeron.

15. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2021/00004868F.

Dación de conta á XGL da sentenza recaída no PA 570/2019 do CA2

Dáse conta da sentenza nº 033/2021

Obxecto: liquidacións Plusvalía logo de pacto de mellora.

Contía: 10.731,87 euros.

A sentenza é favorable para o Concello, non recorrible en apelación.

Os demandante tiñan impugnado as liquidacións tributarias ao considerar que co pacto de mellora, do Dereito civil de Galicia, como negocio *mortis causa*, non se produce a transmisión do dominio e, por conseguinte, o feito impositivo do imposto; como pon de manifesto a “reserva” en favor do causante en caso de necesitar os bens. O xulgado, pola contra, estima o argumento municipal: dende o punto de vista administrativo o pacto de mellora é un negocio *inter vivos*, con transmisión do pleno dominio, sen prexuízo da causa resolutoria do negocio no suposto de que o causante precise en vida os bens transmitidos. O xulgado rexeita tamén os argumentos dos demandantes sobre a aplicación do tributo en caso de non existir incremento de valor, por falta de proba; ou sobre aplicación da “fórmula Cuenca”, non aceptada polo Tribunal Supremo.

Por último, con respecto á aplicación das bonificacións por parentesco previstas na Ordenanza, o xulgado acolle o argumento municipal de que aquelas no son aplicables unha vez iniciado o expediente de comprobación e regularización tributaria; ao que cabe engadirse o resolto pola Dirección General de Tributos na súa consulta vinculante V1356-20, do 12 de maio, alegada tamén pola representación municipal.

16. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2021/00004856H.

Dación de conta á XGL da sentenza recaída no PA 292/2019 do CA2

Dase conta da sentenza nº 031/2021

Obxecto: responsabilidade patrimonial por caída na beirarrúa.

Contía: 18.191,86 euros.

A sentenza é parcialmente favorable para o Concello, non recorrible en apelación.

A sentenza considera acreditado o requisito da causalidade (o mal estado das lousas foi a causa da caída), pero seguindo a liña que ten establecida o TSX para estes casos, reparte a responsabilidade entre o Concello e a propia demandante, de xeito que estima parcialmente a demanda concedéndolle o 50 por 100 da cantidade reclamada.

17. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2021/00004841A.

Dación de conta á XGL da sentenza recaída no PA 333/2018 do CA1

Dase conta da sentenza nº 23/2021

Contía do recurso: 14.000 euros

Obxecto: Desestimación por silencio de reclamación de responsabilidade patrimonial por lesións sufridas a consecuencia de caída na vía pública

A sentenza é parcialmente favorable para o concello, xa que no canto da cantidade inicialmente solicitada- 14.000 euros- recoñece á reclamante o dereito a ser indemnizada unicamente en 3.250 euros xunto cos intereses legais dende a data da reclamación. A sentenza aprecia a existencia de concorrencia de culpas ao 50% e fronte ás cantidades reclamadas de contrario sinala que como prexuízo particular moderado corresponde a cantidade do 2.500 euros e ademáis, que procede a cantidade de 4.000 euros por prexuízo por estético lixeiro, incluído o dano moral.

Non se fai imposición de custas.

18. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2021/00004913Y.

Dación de conta á XGL do auto recaído no RCA 4250/2020 DO TSX

Dase conta do auto nº 014/2021

Obxecto: Decreto do 12.12.2017, polo que se impoñía, como medida cautelar, o cese de estancia do gando na parcela 324 do polígono 511; e conseguintes sentenzas do Xulgado nº 1 e da Sala do Contencioso do TSX que desestimaron os recursos contencioso e de apelación, respectivamente.

O auto é favorable para o Concello (non admisión do recurso de casación), e contra o mesmo non cabe recurso.

O Concello viña de ordenar, na instrución do procedemento, o cese da indicada actividade porque a mesma miña desenvolvéndose, na súa maior parte, no espazo da parcela que está clasificada como solo de núcleo rural, incompatible con aquela.

Tanto na primeira instancia como na apelación, a demandante defendía a aplicación da DT 3ª da Lei 2/2016 do solo de Galicia, apartado d. Pola súa parte, o xulgado e o TSX remítense

ao disposto no artigo 154 da Ordenanza 4 PXOM, que impide en núcleo rural instalacións para uso gandeiro nin a estabulación.

No recurso de casación a interesada partía dunha interpretación errónea do precepto polo TSX, xa que a maior parte da parcela está clasificada como solo rústico; xustificando o interese casacional na ausencia dunha xurisprudencia que interprete conxuntamente esta DT 3ª e o artigo 25 da mesma Lei 2/2016.

A Sala especial responde primeiro que é a Sección 2ª da Sala do TSX, segundo as normas de reparto, a quen lle corresponde fixar a xurisprudencia do TSX en materia de urbanismo. E segundo, que non se trata dunha controversia sobre a interpretación da DT 3ª senón sobre a súa aplicación ao caso; e na medida na que esta DT fala de solo rústico, e a parcela ten clasificación mixta, a DT 3ª non é aplicable. Por conseguinte, non existe interese casacional obxectivo, procedendo a non admisión do recurso.

19. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2021/00005763M.

Dar conta da sinatura do convenio para a construción e explotación da EDAR de Silvouta.

Dase conta.

20. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2021/00005763M.

Dar conta das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas.

Dase conta.

URXENCIAS

31. Dación da contas da remisión da Conta Xeral do Exercicio 2019 ao Consello de Contas/Tribunal de Contas, en cumprimento do requirimento do Consello de Contas do 04/02/2021.

Dase conta.

32. Solicitude de subvención á consellería de Cultura, Educación e Universidade, destinada a entidades locais para a dotación de novidades editoriais en galego, en formato físico, para as bibliotecas de titularidade municipal, integradas na Rede de bibliotecas públicas de Galicia e para as melloras das coleccións bibliográficas das mesmas, ano 2021.

Apróbase solicitar á consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para o ano 2021, unha subvención por importe de 3.500 euros, para a dotación de novidades editoriais en galego, en formato físico, con destino á biblioteca pública municipal José Saramago.

Apróbase solicitar á consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para o ano 2021, unha subvención por importe de 5.000 euros, para a mellora das coleccións bibliográficas con destino a biblioteca pública municipal José Saramago.